

O xornalista Albino Mallo (Vigo, 1929) achéganos a(s) memoria(s) salvadas do pouso dun bo café, ne-se borro no que se esculca o pasado dunha longa melodía de tempos fuxidos, nunha cidade que foi, Vigo, sempre veloz.

Vigo é, pois, a convidada deste libro, *Algo máis que un café. O Derby de Vigo (1921-1968)*, a deter a présa e escoitar con pausada saudade un anaquíño da súa propia historia, para que nun acaso volva escoitar o ritmo do tranvía número 3 que “ao subir a costa e dar a volta ao farol fai un son en Do sostido menor”, tal é como nos conta Albino Mallo, que precisaba o cego Bofill, un dos clientes da mañá do Derby. Conseguiu o escritor o seu obxectivo, “narrar unha historia real na que se entrecruzan tres vidas: a do Café Bar Derby de Vigo, a do meu pai, Albino Mallo García, e a miña propia, coas dos clientes deste establecemento”. Historia desde a modernidade do esta-

blecemento, a través dos xogos dos seus espellos, que nos mostran instantáneas do nacemento do café e do neno, o café unha prolongación da casa e un irmanciño, oito anos máis vello, e co que foi medrando. O café ordenaba o rumbo do propietario Albino Mallo, pai do escritor, que chegara por vez primeira a Vigo en 1904, procedente dunha aldea de León, Lazados, para iniciar a súa emigración e, des-

pois de Buenos Aires, regresar para o 28 de novembro de 1921 e darlle nacemento ao café que tería vida propia. Infancia e adolescencia aprendida entre as lecturas de *El Pueblo Gallego* e o entusiasmo pola República que levaba no labio a xeración da vangarda galega.


Unha mocidade amainada coa música do Trío Corvino, a (re)converterse co triunfo do golpe de estado no Café Imperial; outra mocidade de posguerra de “Ateneo aberto”, próximo ás redaccións de FARO DE VIGO e *El Pueblo Gallego* e da emisora Radio Vigo, que exercía entre os fumes do tabaco, o café, a cervexa e o vermú de pulmón na cidade. Esta-

Café e memoria

Lendas de Vigo

MARGA ROMERO

Historias de historias nas mesas do “Derby”



eido no que sentimos as conversas que darán lugar a Monterrey ou Galaxia, mentres se moven as pezas de xadrez e entre as bandexas dos elegantes camareiros, Antonio Fernández, Pousa, Maside, Colmeiro, Laxeiro ou Mario Granell arromban o mundo fóra dos seus cadros; mentres Lafuente Estefanía escribe a última de vaqueiros e Xaime Illa fai as caricaturas, que se inclúen no volume, de personaxes do local. Historia de historias que volven cando o Derby sae nas conversas de despois de xaneiro de 1968 cando se serviu o último café, cando en Francia seica se preparaba unha revolución e en Vigo, despois de vender o piano de cola e espallar pola cidade fichas de parchís e botellas de licores e coñac, fechaba o Derby e entraba na categoría das lendas, mentres morría o edificio.

mos

nun espazo onírico

no que enxergamos

unha elegancia de

Lugrís ou do dandy Xavier Varela Guillot, a beleza de Carmen Kruckenberg; un

MALLO, Albino, *Algo máis que un café*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP 20 €